



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de maio de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezasete horas e cinco minutos do día vinte e un de maio de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(537).- RATIFICACIÓN DE URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(538).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 13/2018 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO RECURSO Nº 11/2018, INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS REGULADORES DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO, EXPTE. 4799/440.

Dáse conta da proposta de data 21/05/18, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 13/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 11/2018, interposto por D. Manuel Duarte Garrido actuando en nome e representación da ENTIDADE COMPLEMENTOSPOLICIAIS S.L. contra os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do contrato de subministro de vestiario para o persoal do Concello de Vigo, expte. 4799/440 . Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por D. Manuel Duarte Garrido actuando en nome e representación de ENTIDADE COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L. contra os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do contrato de subministro de vestiario para o persoal do Concello de Vigo, expte. 4799/440.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no art. 47.5 TRLCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(539).- INCOACIÓN DE PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADE Á EMPRESA EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 10606/446

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, de data 18/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 16 de novembro de 2017 acordou o seguinte:

“ Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.
- b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.
- c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2.- O devandito acordo se formalizou en data 23 de novembro de 2017.

3.- En data 11 de decembro de 2017, se levanta acta de comprobación do replanteo.

4.- Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 03/02/2018 (doc nº 180019261) , o director facultativo da obras presenta solicitude de modificado do proxecto de ampliación Parque Infantil da rúa Venezuela.

5.- En data 13/02/2018, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns notifica o director facultativo o seguinte:

“ En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro Electrónico do 03/02/2018 (W260778-87436), no que solicita modificado do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, deberá incorporar á súa solicitude a seguinte documentación:

a) *Xustificación das causas do proxecto modificado, sinalando se se varían as unidades de obra ou se introducen novas unidades.*

b) *Descrición básica da obra a realizar.*

c) *Importe aproximado da modificación (non superior ao 10% do prezo primitivo do contrato).*

d) *Indicación de se a redacción do proxecto modificado conlevaría a suspensión temporal, total ou parcial das obras en curso. No caso de que a paralización fose parcial, deberá achegar a relación das partidas afectadas pola mesma coa súa medición actualizada.*

e) *Indicación do posible aumento do prazo de execución do proxecto modificado.*

*De non presentar a devandita documentación no prazo de **DEZ DÍAS**, sinalado no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, ao non cumprir a súa solicitude coa normativa vixente (artigos 66 e 67 da citada Lei 39/2015).”*

6.- Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 09/03/2018, o Director facultativo da obra presenta informe para xustificar o modificado do proxecto da ampliación do parque infantil da rúa Venezuela.

Asemade en data 23/03/2018 presenta copia do libro de ordes no que se anota a paralización parcial e temporal da devandita obra.

7.- En data 04/04/2018, o Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns remite o expediente ao Servizo de Contratación para que se continúe coa tramitación do procedemento de modificación do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela.

8.- En data 13/04/2018, a xefa do Servizo de Contratación devolve o expediente ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns toda vez que, o prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre o sinalado no artigo 103 do RD 1098/2001.

9.- En data 17/04/2018, o responsable do contrato notifica ao director das obras o seguinte:

“ En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo do 3 de febreiro de 2018 (W260778-8743 – Doc. 180019261), no que solicita modificado do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela comunícolle que:

A xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2018 informou que: “ “ (...) O prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre os requisitos legais previstos no artigo 103 do RD 1098/2001, e non foi acordada polo responsable do contrato.”

Á vista do exposto, non é posible acceder ao solicitado toda vez que, o prazo de execución do contrato finalizou na data 12/02/2018.(...)”

10.- En data 18/04/2018, o responsable do contrato e o xefe de Servizos Xerais informan que:

“ A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16 de novembro de 2017, acordou:

“Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.

b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.

c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

En data 11 de decembro de 2017, asinouse a acta de comprobación de replanteo comezando a computar o prazo de execución das obras, o cal finalizaba en data 12 de febreiro de 2018.

Á data de hoxe as obras non están executadas polo que, á vista do incumprimento no prazo de execución das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, dáse traslado do presente expediente á técnica de administración xeral para que inicie os trámites oportunos para a incoación de procedemento para a imposición de penalidades á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.



Concello de Vigo

Á vista do estado actual das obras, outorgáselle á empresa un prazo de 1 mes para a finalización destas.”

11.- En data 20/04/2018, se remite dilixencia ao xefe do servizo de montes, parques e xardíns na que se solicita o seguinte:

“ Aos efectos de valorar a tramitación que proceda, prégase informe do responsable do contrato en relación aos seguintes extremos:

- Incorporación ao expediente de toda a documentación existente relativa á execución da obra.*
- Causas que motivaron a non terminación das obras en prazo.*
- Xustificación técnica do prazo dun MES necesario para rematar as obras.”*

12.- Con data 09/05/2018, o xefe do servizo e o xefe da Área de Servizos Xerais emiten informe relativo aos atrasos na execución das obras.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.(LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (PPT).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.

2.- Dos incumprimentos das obrigas contractuais polo contratista e da súa tipificación no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

A cláusula 24 do PCAP establece que: “ 1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo (...)”

O artigo 212 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobada por real decreto legislativo 3/2011, dispón ó regular a execución defectuosa e a demora que:

“1. Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64.2 e

118.1. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do orzamento do contrato.

2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.



Concello de Vigo

6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumpriera a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.

8. As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato de designarse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituírase, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”.

Nesta liña, a cláusula 35 do prego que rexe o presente contrato prevé a imposición de penalidades nos seguintes supostos: incumprimento das condicións especiais de execución, cumprimento defectuoso do mesmo, incumprimento de criterios de adxudicación ou por mora.

No caso de cumprimento defectuoso, se clasifican as faltas en leves, graves ou moi graves.

O PCAP na cláusula 35.3.b).6 dispón que, o incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación, terá a consideración de falta moi grave.

Na cláusula 35.3.c) do PCAP se sinala que: “Se durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, a Administración municipal apreciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa proposición, imporalle penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista polo criterio de adxudicación incumprido resultase que a súa proposición non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, segundo proceda. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a súa gravidade.”

No presente contrato, o adxudicatario propoñeu unha redución do prazo de 120 días con respecto aos 6 meses que se sinalaran no PCAP así que, tendo en conta que a acta de comprobación do replanteo se levantou en data 11 de decembro de 2017, o prazo de execución das obras remataba o 12/02/2018.

Na data de hoxe non se remataron polo que existe un atraso de mais do dobre do prazo previsto no contrato.

O responsable do contrato no seu informe de data 09/05/2018 xustifica o atraso da execución das obras ata o 12/03/2018 atendendo a motivos de impermeabilización, control de calidade e climatoloxía sinalando que, a partir da devandita data, os atrasos xerados da obra serían imputables integramente á xestión da execución por parte do contratista.

Asemade nas actas de reunión de obras de datas 19/12/2017, 02/01/2018 e 09/01/2018, a dirección de obra reflicte retrasos na execución das obras de 7, 8 e 9 días respectivamente polos motivos anteriormente sinalados.

A maior abundamento e de conformidade co informe técnico de valoración das ofertas económicas do Xefe de Servizos Xerais de data 27/10/2017 (expediente 9385/446), se se desconta un 25% da puntuación obtida polo adxudicatario na redución do prazo de execución de 120 días, a súa proposición non sería a mellor valorada.

Á vista do exposto, en aras de garantir os principios que rexen a contratación pública así como o principio de proporcionalidade e, tendo en conta que a redución do prazo de execución das obras foi un dos criterios de adxudicación xa que, o adxudicatario propoñeu unha redución do devandito prazo de 120 días, e se se desconta un 25% da puntuación obtida polo adxudicatario na redución do prazo de execución de 120 días a súa proposición non sería a mellor valorada, nos atopamos ante un incumprimento dos criterios de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do PCAP.

3.- Das penalidades que procedería impoñer por incumprimento dos criterios de adxudicación

Para a imposición de penalidades polo cumprimento defectuoso do contrato, a lexislación esixe os seguintes requisitos (artigo 212.1 do TRLCSP):

- Que estean previstas no PCAP.
- Que sexan proporcionais á gravidade do incumprimento.
- A súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do presuposto do contrato.

O PCAP que rexe o presente contrato, respecto as penalidades a impoñer por incumprimento de criterios de adxudicación establece na cláusula 35.3.c) que como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, segundo proceda. Aclarándose que a reiteración no incumprimento deberá terse en conta para valorar a gravidade.

Consonte á cláusula 35.5 do PCAP, para a imposición de penalidades teranse en conta os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme



Concello de Vigo

d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

O artigo 98 do RLCAP dispón *"cuando el órgano de contratación, en el supuesto de incumplimiento de los plazos por causas imputables al contratista y conforme al artículo 95.3 de la Ley, opte por la imposición de penalidades y no por la resolución, concederá la ampliación del plazo que estime resulte necesaria para la terminación del contrato"*.

Na cláusula 24 do PCAP se establece que: " 1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo se non contivese reservas ou, en caso contrario, do seguinte ao da notificación ao contratista da resolución autorizando o inicio das obras.

3.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.

4.- O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos á súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ao disposto no artigo 100 RXLCAP.
- c) Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ao contratista e conforme ao artigo 212.4 e 7 do TRLCSP, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo polo tempo que estime necesario para a terminación do contrato.
- d) A suspensión do cumprimento do contrato a instancia do contratista cando o Concello se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme ao disposto no artigo 216.5 do TRLCSP. Neste caso o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido.

Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso, o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido. "

Tendo en conta o informe do responsable do contrato de data 08/05/2018 e, atendendo aos criterios de gradación e ao principio de proporcionalidade, procede impoñer unha penalidade

do 1% do orzamento do contrato. O orzamento do contrato ascende a 766.884,56 euros, polo que a penalidade a impoñer será de 7.668,84 euros.

Con respecto a ampliación do prazo para rematar as obras, de conformidade co informe do responsable do contrato de data 08/05/2018, procedería outorgar un prazo de **CATORCE (14) DÍAS HÁBILES** para a terminación total da obra, o cal se computará a partir do día seguinte da notificación do presente acordo.

4.- Do procedemento para a imposición de penalidades

Respecto o procedemento para imposición de penalidades, o artigo 212.8 do TRLCSP dispón que *“As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si designouse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”*.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para imposición de penalidades está recollido na cláusula 37.II do PCAP, conforme a cal *“As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo”*.

E no apartado IV se sinala que o importe das penalidades será aboado polo contratista na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorre o prazo fixado sen que se aboase o importe, esixirase o pagamento por vía de constringimento administrativo.

En consecuencia, procedería tras a adopción do presente acordo de iniciación do expediente para a imposición de penalidade, no que se fixa a contía da mesma e se outorga un prazo de CATORCE (14) DÍAS HÁBILES para a terminación total da obra, dar trámite de audiencia ao contratista.

5.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

*En mérito ao que antecede, propónse á **Xunta de Goberno Local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:*

“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros, polo incumprimento dun criterio de adjudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.



Concello de Vigo

2º.- *Outorgar un prazo de CATORCE (14) días hábiles para a terminación total das obras.*

3º.- *Dar trámite de audiencia a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A, por un prazo de 15 días hábiles, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes.*

4º.- *Advertir ao interesado que contra o outorgamento do prazo para a terminación total das obras poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(540).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A VENDA DA PARCELA MUNICIPAL Nº 3.928 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19989/240.

Visto o informe xurídico de data 16/05/18 e o informe de fiscalización do 21/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado da Área de Patrimonio, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

En data 14 de abril de 2016 procedeuse á recepción por parte do Concello de Vigo das instalacións do Hotel Samil situadas na Avenida de Samil nº 15 unha vez finalizado o dereito de superficie constituído sobre as mesmas en favor da entidade mercantil Inmobiliaria Samil S.L. O citado inmovible é propiedade do Concello de Vigo.

En data 10.11.2017 o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio á vista dos informe xustificativo da necesidade e idoneidade de data 10.11.2017 resolve iniciar expediente para a compraventa da parcela nº 3928 do IMBD para a promoción da actividade turística no entorno da Praia de Samil, coa construción dunha edificación hoteleira.

Con esta venda preténdese a promoción da actividade turística no ámbito local nun enclave privilexiado -a maior e máis visitada praia urbana de Galicia-, o que tamén conlevará a creación de emprego tanto directo como indirecto. A recuperación, modernización e mellora aplicando criterios medioambientais, estéticos e de maior integración no entorno da Praia de Samil, así como a obtención dun importante rendemento económico para o Concello de Vigo executanto o previsto na normativa urbanística.

2.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

–Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial de data 10.11.2017

–Resolución inicio do expediente de contratación asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio de data 10.11.2017

–Informe de tasación da parcela de tasadora TINSA

–Prego Prescricións Técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro da Edificación/ Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19.03.2018

–Anexo I ao PPT.- Informe urbanístico da Arquitecta Municipal/ Xefe Servizo Técnico Área de Urbanismo de data 06.04.2017

–Anxo II ao PPT.- Ordenación urbanística da parcela, asinada polo Enxeñeiro da Edificación/ Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19.03.2018

–Anexo III ao PPT.- Nota simple da parcela libre de cargas

–Anexo IV.- Levantamento topográfico da parcela realizado polo Enxeñeiro Técnica Topógrafo municipal.

–Informe sobre a tasación da parcela realizado polo Enxeñeiro da Edificación/ Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 25.04.2018

–Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP asinada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial conformada polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio de data 15.05.2018.

–Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación de data 15.05.2018

–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 15.05.2018

–Informe do Xefe do Servizo de Administración Electrónica sobre a imposibilidade de realización da licitación electrónica de data 10.05.2018

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.



Concello de Vigo

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O contrato non suporá desequilibrio orzamentario, cumprindo as esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), por canto aporta ingresos e redución de gastos á tesourería municipal.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 LCSP), así como os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP)

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP), e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, non sendo necesaria a incorporación de certificado de existencia de crédito por tratarse dun contrato xerador de ingresos e non de gasto.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, da venda da parcela municipal nº 3928 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 10 de maio de 2018 e o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19 de marzo de 2018.

Terceiro.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(541).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOS MURAIIS DO CUARTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8845/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a REFORVIGO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 9 de maio de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

| | Licitadores | Puntuación |
|---|---|-------------------|
| 1 | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 97,60 |
| 2 | ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. | 95,00 |
| 3 | GROMA OBRAS, S.L. | 91,99 |
| 4 | SERGONSA SERVICIOS, S.L. | 86,77 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Habilitación profesional?*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 18 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de abril de 2018 e 10 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) por un prezo total de 244.821,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.489,64 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(542).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS BASES DA OEP 2014, 2015 E 2016 PRESENTADO POR D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO E D. ANTONIO COMESAÑA SOLLA. EXPTE. 31938/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/05/18, asinado pola técnica de Admón.Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 21/03/2018, acordou aprobar as Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015, e 2016. (Expte. 31295/220). As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 60 de data 26/03/2018.



Concello de Vigo

II.- Con rexistro de entrada de data 11/04/2018 (doc nº 180052950), D. José Antonio España Piñeiro e D. Antonio Comesaña Solla, interpón Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 21/03/2018, publicado no BOP nº 60, de 26/03/2018.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27/03/2018 (expte.- 31706-220), adoptou o seguinte acordo: “Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado III das bases específicas da praza de Técnico/a medio/a de Sistemas, que pasa a contar coa seguinte redacción “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”

IV.- Solicitado informe técnico en data 03/05/2018 con referencia, entre outras, as prazas de Técnico de Xestión, para que se concrete a que corpo e escala dos previstos no TRRL, pertencen segundo o previsto no vixente cadro de persoal, e en relación coa promoción interna, posibles acordos e criterios xerais para a promoción cruzada no concello de Vigo; o mesmo emítese na data 15/05/2018, concretándose que o “O criterio xeral seguido en anteriores ofertas de emprego deste concello e o de facilitar que o persoal dunha e outra Escala poida presentarse indistintamente pola quenda de promoción interna, polo que sería convinte, de acordarse manter o mesmo criterio, permitir que o persoal incluído no Grupo C de titulación de ámbalas dúas Escalas (Administración Xeral e, Administración Especial (Suescala Técnica, clase Superior, Media, Auxiliar ou Cometidos Especiais) poida presentarse indistintamente, coa excepción do persoal adscrito ao Corpo da Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios, que teñen fixada a súa promoción nos seus respectivos Corpos.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.

IV.- Lei 2/2015, de 29 de abril, del Emprego Público de Galicia.

V.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

VI.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que, afecta a súa posibilidade de participar como aspirante ao proceso selectivo que se vai desenvolver, polo que é posible titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 26/03/2018, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo “Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015, e 2016. (Expte. 31295/220)”, presentando o recurso o día 11/04/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

Os recorrentes interpón recurso de reposición alegando discriminación e merma dos dereitos da promoción profesional que se lle fan aos funcionarios/as da Administración Especial, enmarcados no Grupo C, subgrupo C1, subescala servizos especiais, solicitando que podan presentarse as prazas de Técnico medio de sistemas e Técnico medio de relacións laborais.

III.- No que se refire ao fondo do asunto

O RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público, dispón dentro do capítulo que leva por rúbrica “Derecho a la carrera profesional y a la promoción interna. La evaluación del desempeño”, concretamente no artigo 16 que:

1. Los funcionarios de carrera tendrán derecho a la promoción profesional.
2. La carrera profesional es el conjunto ordenado de oportunidades de ascenso y expectativas de progreso profesional conforme a los principios de igualdad, mérito y capacidad. A tal objeto las Administraciones Públicas promoverán la actualización y perfeccionamiento de la cualificación profesional de sus funcionarios de carrera.



Concello de Vigo

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto regularán la carrera profesional aplicable en cada ámbito que podrán consistir, entre otras, en la aplicación aislada o simultánea de alguna o algunas de las siguientes modalidades:

a) Carrera horizontal, que consiste en la progresión de grado, categoría, escalón u otros conceptos análogos, sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo y de conformidad con lo establecido en la letra b) del artículo 17 y en el apartado 3 del artículo 20 de este Estatuto.

b) Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en el capítulo III del título V de este Estatuto.

c) Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, a otro superior, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18.

d) Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a cuerpos o escalas del mismo Subgrupo profesional, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 18.

4. Los funcionarios de carrera podrán progresar simultáneamente en las modalidades de carrera horizontal y vertical cuando la Administración correspondiente las haya implantado en un mismo ámbito.

Pola súa parte, o artigo 75 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dedicado as “Modalidades de carrera profesional del personal funcionario de carrera.”, determina que “El personal funcionario de carrera hará efectivo su derecho a la promoción profesional a través de las siguientes modalidades de carrera profesional:

a) Carrera horizontal, que consiste en el ascenso de grado y de categoría profesional sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo, en los términos que se establezcan reglamentariamente en desarrollo de los principios contemplados en esta sección.

b) Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en la presente ley.

c) Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, a otro superior, conforme a lo establecido en esta sección.

d) Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a otro cuerpo o escala del mismo subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, conforme a lo establecido en esta sección.”

No ámbito do Concello de Vigo, e de conformidade co informe técnico emitido en data 15/05/2018, “O criterio xeral seguido en anteriores ofertas de emprego deste concello e o de facilitar que o persoal dunha e doutra Escala poida presentarse indistintamente pola quenda de promoción interna, polo que sería convinte, de acordarse manter o mesmo criterio, permitir que o persoal incluído no Grupo C de titulación de ámbalas dúas Escalas (Administración Xeral e, Administración Especial (Suescala Técnica, clase Superior, Media, Auxiliar ou Cometidos Especiais) poida presentarse indistintamente, coa excepción do persoal adscrito ao

Corpo da Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios, que teñen fixada a súa promoción nos seus respectivos Corpos...

No que respecta a convocatoria de TÉCNICO/A MEDIO DE SISTEMAS, entendo que debería manterse a redacción que figura no informe técnico emitido en día 15/03/2018, no seguinte senso:

“Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

Entendo que hai unha contradición entre unha e outra consideración do informe técnico emitido, xa que logo, si se di que o criterio xeral seguido en anteriores ofertas de emprego deste concello e o de facilitar que o persoal dunha e doutra Escala poida presentarse indistintamente pola quenda de promoción interna, permitindo que o persoal incluído no Grupo C1 de titulación de ámbalas dúas Escalas (Administración Xeral e, Administración Especial (Subescala Técnica, clase Superior, Media, Auxiliar ou Cometidos Especiais) poida presentarse indistintamente as prazas que nos ocupan (Técnico de xestión, técnico medio de relacións laborais e técnico de sistemas); permitindo así, segundo consta no citado informe e a título de exemplo que ás prazas de Técnico medio de relacións laborais por promoción interna, se estableza o concurso-oposición entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, ...”, o mesmo criterio debe aplicarse os Técnicos/as medios de sistemas, posto que no citado informe técnico emitido non consta consideración algunha que permita soste-lo contrario e facer distincións, o que entendo vulneraría o principio de igualdade (dende a perspectiva dos principios constitucionais de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, súa forza exixible é a mesma para procedementos libres que de promoción interna).

Así as cousas, procede a estimación do recurso e en consecuencia modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2018 (expte.- 31706-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A MEDIO DE SISTEMAS que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

En consecuencia modificar tamén o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A MEDIO DE RELACIONES LABORAIS que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.



Concello de Vigo

IV.- O artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, relativo a Función pública de secretaría, no apartado 3 d) 4º dispón que “La función de asesoramiento legal preceptivo comprende... En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos: “Resolución de recursos administrativos cuando por la naturaleza de los asuntos así se requiera, salvo cuando se interpongan en el seno de expedientes instruídos por infracción de ordenanzas Locales o de la normativa reguladora de tráfico y seguridad vial, o se trate de recursos contra actos de naturaleza tributaria”.

Esta mesma valoración sobre a gravidade ou relevancia cualitativa ou cuantitativa dos diversos asuntos que se tramitan na Administración municipal pode determinar que, en aplicación do art. 129.2 LRBRL, se poida solicitar a asistencia xurídica da Asesoría xurídica en calquera asunto de competencia do Alcalde, á Xunta de Goberno Local, mediante a correspondente solicitude de informe xurídico asinada polos órganos competentes para instar dita asistencia, isto é, Alcalde, Xunta de Goberno local ou órganos directivos respecto dos que se atribúe na Lei que a asistencia xurídica compete precisamente á Asesoría Xurídica municipal.

O Informe xeral emitido por Asesoría Xurídica de este Concello (expedientes números 31604/220, 31496/220 e 31778/220), de conformidade co disposto no art. 129 da LRBRL, e sen prexuízo de calquera outro informe que consideren de deban solicitar, ao abeiro da normativa que consideren oportuna e sen prexuízo das instrucións internas de tipo organizativo que se poidan adoptar nun futuro, sinala os requisitos de petición de informe: “De acordo co dito, tal e como en parte quedou sinalado, ningún dos informes dos expedientes xustifican que a natureza do asunto requira do informe previo, nin a súa solicitude ven suscrita por ningún dos órganos aos que a Asesoría xurídica ten que lle prestar asistencia, nos termos do art. 129 LRBRL. No en tanto, dado que o órgano competente para resolver, si se atoparía entre aqueles aos que a Asesoría xurídica debe prestar asistencia xurídica, e visto o coidado no cumprimento da normativa que revela o informe da técnica de administración xeral informante, emitiremos o informe solicitado.

Con todo, debemos subliñar a necesidade de que se realice unha previa avaliación de se é precisa a intervención da Asesoría xurídica, reservando a petición de informes a aqueles casos en que existan dúbidas xurídicas razoables ou se trate de asuntos de relevancia cualitativa ou cuantitativa para a organización municipal, pois, noutro caso se desbordaría a capacidade dos funcionarios de carreira que exercemos as nosas funcións de representación e defensa da íntegra organización municipal e as preceptivas que nos atribúe a lexislación de contratación.”

Así de conformidade co exposto e tendo en conta a escasa relevancia xurídica dos fundamentos do recurso interposto e toda vez que non existe dúbida ao respecto, entendo que non é preciso solicitar informe á Asesoría Xurídica de este concello.

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede estimar o recurso interposto por D. José Antonio España Piñeiro e D. Antonio Comeseña Solla, e en consecuencia modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2018 (expte.- 31706-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A MEDIO DE SISTEMAS que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

Segundo.- En consecuencia modificar tamén o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (expte 31295-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de TÉCNICO/A MEDIO DE RELACIONES LABORAIS que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe”.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Carto.- Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(543).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL CONDUTOR/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 31988/220.

Visto o informe de fiscalización de data 21/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/05/18, asinado pola técnica de Amdón. Xeral, a xefa da



Concello de Vigo

Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 28/12/2017, o Xefe do Servizo de Limpeza e o Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino de, entre outros un/unha oficial condutor/a por mor da situación existente no Servizo de Limpeza e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro axudantes de oficios á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 16/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu



Concello de Vigo

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 233-oficial condutor da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de 28/12/2017, do Xefe do Servizo de Limpeza e o Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o

ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial condutor/a, supón un gasto de **11.717,12 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.288,44 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial-condutor, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Ramón Alberto Vázquez Rodríguez, con DNI *****313-F**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito de data 03 y 04/05/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como oficial condutor ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de Limpeza, que constan no escrito de data 28/12/2017, e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.717,12 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Ramón Alberto Vázquez Rodríguez, con DNI *****313-F**, na súa condición de seguinte aspirante e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 233, oficial condutor, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe do Servizo de Limpeza, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezasete horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez